

A. Vidal Meixón (2004): “Aproximación ás causais e consecutivas en galego medieval”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 317-327.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

APROXIMACIÓN ÁS CAUSAIS E CONSECUTIVAS EN GALEGO MEDIEVAL¹

Ana Vidal Meixón

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

Viáxamos ata o galego medieval por mor de atopar nel puntos de apoio firmes para entender moito do que acontece no galego de hoxe. Outro motivo importante da viaxe son os poucos estudos dedicados á lingua galega desta época, do que adoecen particularmente as consecutivas e causais.

O estudo é fundamentalmente práctico, aínda que nos vimos obrigados ás veces a acudir á teoría con vistas a unha mellor comprensión do tema.

A obra da que extraémo-lo corpus sobre o que traballamos é a *Crónica Troiana* (Lorenzo, 1985), elixímolola por varias razóns: por estar ben editada, por ser moi representativa da época medieval, por estar próxima á linguaxe coloquial de entón e por ser unha obra suficientemente ampla como para extraer dela unha cantidade representativa de exemplos. A *Crónica* é do século XIV e pertence ó chamado Ciclo Clásico, do cal forman parte as obras nas que se fala da destrución de Troia.

O corpus constitúeno aproximadamente 400 oracións consecutivas e 300 causais, sen embargo dedicaremos máis tempo ás causais, en grande medida porque existen máis estudos sobre elas que sobre as consecutivas.

Un dos maiores problemas que xorden coas causais e as consecutivas é que oscilan entre subordinación e coordinación nas distintas clasificacións defendidas polos estudiosos. Faremos un pequeno percorrido ó longo do tempo.

Se nos remontamos ás orixes, en latín distinguíanse entre oracións causais coordinadas e subordinadas e cada grupo dispuña das súas propias conxuncións, o primeiro de

¹ Este traballo foi realizado dentro do proxecto de Gramática Histórica, proxecto financiado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

nam, enim, etenim e o segundo de *quod, quia, quoniam* e *quare*; no que se refire ás consecutivas tamén se dividían en dous grupos, segundo establecen Ernout e Thomas na súa *Syntaxe Latine* (1984², p. 344), o que empregaba *ut* cos correlativos *adeo, tam, talis, tantus, tantum* (que indican gradación) e o que empregaba *ut* con outros correlativos, sobre todo *ita* e *sic* (que indican maneira).

Na *Gramática Galega* de Álvarez, Regueira e Monteagudo (1989², pp. 530-31) introdúcense as dúas dentro das oracións bipolares (seguindo o funcionalismo de Rojo), que se opoñen ás oracións compostas por coordinación por existir entre as cláusulas que a conforman un maior grao de dependencia e por tratarse de só dúas cláusulas, mentres que nas coordinadas pode haber máis.

No *Esbozo* (RAE, 1986¹¹, pp. 548-553) ocúpase delas baixo o epígrafe de oracións subordinadas circunstanciais.

Cunha e Cintra na súa *Nova Gramática do Português Contemporâneo* (1991⁸, p. 581) consideran tanto as causais como as consecutivas oracións subordinadas adverbiais.

Hernández Alonso separa na súa *Sintaxis Española* (Álvarez, 1987, p. 132) dous grupos de adverbiais, por unha banda as que modifican o contexto da proposición principal enteira, o predicado verbal en conxunto, co que se refire as adverbiais circunstanciais, dentro das cales estarían as causais e, por outra, as que gardan unha relación exterior coa principal, é dicir, as que mediatizan, condicionan, se enfrontan, etc. á principal, grupo heteroxéneo no que se atopan as consecutivas.

Rojo en *Cláusulas y oraciones* (1978, p. 104) denomina a ámbalas dúas oracións bipolares, caracterizadas pola relación de interdependencia que existe entre as dúas cláusulas que compoñen cada unha delas.

Álvarez Martínez no seu interesante artigo “Las oraciones subordinadas: Esbozo de clasificación” (1987, p. 136) repasa as distintas clasificacións que se viñeron propoñendo e conclúe por mante-las causais no apartado das subordinadas adverbiais, posto que actúan como aditamento respecto do núcleo verbal oracional. As consecutivas, aínda sendo subordinadas ou dependentes, funcionan como adxacentes dun sintagma nominal e non dun verbo, de aí que as inclúa no grupo das adxectivas.

Narbona Jiménez (1990, p. 16) seguiu a clasificación tradicional de oracións subordinadas adverbiais pero con reservas diante do termo (tamén no caso de “circunstanciais”) de aí que opte por chamalas subordinadas adverbiais impropias.

Alarcos Llorach na súa *Gramática de la Lengua Española* (1994, pp. 365, 348) considera as causais dentro das oracións degradadas adverbiais impropias e as consecutivas oracións degradadas adxectivas, as que teñen antecedente e, as que non, grupos oracionais xustapostos, xa que as aparentes unidades conxuntivas como “por tanto”, “por conseguinte”, etc. poden eliminarse sen que a relación semántica entre as oracións se suprima.

A *Gramática del Español* de López García (1994, pp. 371, 220) sinala que a clase causal como tal é do tipo alter, é dicir coordinada, aínda que despois sufra interferencias

do tipo *alius* (ou interordinadas), mentres que considera as consecutivas como un subtipo do patrón comparativo.

Por último, outros autores dividen as adverbiais en tres grupos: circunstanciais, cuantitativas e causativas, no segundo grupo sitúan as consecutivas e no terceiro as causais. Tal é o caso de Rafael Seco, Gili Gaya e Marcos Marín (Álvarez, 1987, p. 132).

Adoptarémola terminoloxía de Rojo por se-la que segue a *Gramática Galega* e por se-la máis próxima ós nosos estudos.

CONSECUTIVAS

Consideramos oración bipolar consecutiva aquela que expresa unha relación de causa-efecto, ó igual cá causal, diferenciándose desta última en que o nexos introduce o efecto e non a causa. De todos xeitos se nos achegamos a algún dos exemplos de que dispomos vemos que a fronteira entre os dous tipos de bipolares se dilúe bastante ás veces, dando lugar a ambigüidades. É o caso desta oración de dobre interpretación: *Mais Polixemis ouue de nós merçee, et sacounos da priiôm (713/40)*² (“polo tanto sacounos da prisión”/“porque nos sacou da prisión”).

Para analiza-los nexos que aparecen imos segui-la clasificación defendida por Narbona Jiménez (1978) que manifesta ocuparse do grupo das tradicionalmente chamadas consecutivas subordinadas, xa que na gramática tradicional se viña distinguindo entre coordinadas (que eran enlaces extraoracionais) e subordinadas, aínda que despois no propio *Esbozo* (Real Academia Española, 1986¹¹, p. 552) se indique que é preferible englobalas nun só grupo (o das circunstanciais) xa que as consecutivas non poden unir elementos análogos dunha mesma oración, o cal é propio das conxuncións coordinadas.

Narbona establece tres grupos: consecutivas de intensidade, de maneira e de intensidade-maneira. Iremos vendo un por un.

Consecutivas de intensidade

Son as que se asemellan ás comparativas de igualdade por levar antecedente, cualificado de encarecedor por Alarcos, (1994⁴, p. 348). Pero distínguense delas por teren como correlativo a *que* e non a *como*. Na *Crónica* atopamos *tã* (coas variantes ortográficas *tan e tam*), *atã*, *tãto* invariable, *tãto,-a,-os,-as*, *atãto*, *tal-taes* e *tamaño*, este último, xunto con *atã* hoxe inexistentes. Ben raro é atopa-la combinación *así...que*, só acontece nun exemplo: *Conta a estoria que el rrey Acamas et el rrey Demafôn, uijndo perlo mar, ouuerõ entre si taes rrazões et así desapostadas que ia mays nũca se delas poderiã loar (703/4)*.

² O primeiro número que está entre paréntese indica a páxina na que se atopa o exemplo e o segundo a liña. Os exemplos ou palabras tomados literalmente da *Crónica Troiana* aparecen en cursiva, os restantes entre comiñas.

Tã é o antecedente máis usado, oito veces por riba da combinación *tãto* + cláusula + *que* ou *tato que* en frecuencia (*et que a faría tã forte que nõ temería a nehũa cousa*, 231/13-14; *Et tãto achaua delo que mais de mil uezes fuy ende cada hũ carregado*. 659/47; *Mays os yrmãos o acoytauã ambos das espadas, tãto que, en pouca de ora, lle derõ tãtas feridas que lle despedaçarõ o elmo* 359/57). Pola contra de *tan* e *tam* temos un número mínimo de exemplos. Despois de *tãto* invariable temos que falar de *tãto*, *-a*, *-os*, *-as* (de construcións variadas, *Tãtas erã as gentes ajuntadas porla ueer que esto era hũa gram marauilla*. 709/17) a pouca distancia seguido por *tal* + substantivo + *que* e logo *tamaño* + cláusula ou substantivo + *que*, *tal que*, *atã* + nome + *que* e *atãto* + cláusula + *que* (*et c[a]eu en tal lugar que nõ podía seer acorrudo dos seus*. 331/116; *Tamaño foy o auer que y acharõ que nõ ha lêngoa de home que uoslo cõtar podesse*. 226/13; *aquel caualo foy tal que nõca foy home ãno mundo que sobre outro tal caualo caualgasse*, 322/154-55; *et foy dar cõ ela a outro caualeyro atã grã ferida que o matou*. 331/116; *esta loucura atãto durara que fora cõprada moy carament*, 676/132). *Tã* pode acompañar tanto a un substantivo coma a un adxectivo ou participio (a un participio en casos contados) e tamén a un adverbio. O máis frecuente é o segundo caso (adxectivo ou participio) seguido moi de cerca polo primeiro e logo, xa a certa distancia, aparece o *tã* + adverbio. O adxectivo que atopamos máis frecuentemente despois de *tã* é *grande*, seguido de *brauo*, que están de acordo coa grandeza que se lle quere transmitir ós feitos que se relatan, falamos sempre de seres e acontecementos excepcionais. No resto dos exemplos aparecen adxectivos moi variados, boa mostra da riqueza léxica da obra, iso si, predominan aqueles que fan referencia á descrición dunha persoa: *honrrado*, *desanparado*, *sesudo*, *entendudo*, *hurguloso*, *sañado*, etc.

No caso dos substantivos si que non temos variedade, domina de maneira esmagadora *ferida*, tamén en plural; lóxico se pensamos no protagonismo que as batallas teñen no libro.

Os adverbios encarecidos por *tã* acaban case todos eles en *ment*, a non ser *ben* e algún máis. Entre os adverbios en *ment* repítese bastante *brauament*.

Consecutivas de maneira

Son as introducidas por unha preposición + *maneyra* que ou por preposición + *gisa* que, máis abundante a segunda (*cayeu logo esmorido en meo da pressa, en maneyra que, se logo nõ ouuera ajuda, ben podera y perder a uida*. 336/256; *passoulle o cãbays et chagoo, en gisa que lle seyó moyto sange*. 373/128). O segundo tipo non se emprega hoxe xa que a palabra *gisa* quedou entalada na lingua medieval. As consecutivas de maneira son moi poucas, 17 en total. Non rexistramos ningún caso en que se intercale un elemento antes do que.

Consecutivas de intensidade-maneira

Constitúen un grupo moi reducido, aínda que non tanto como o anterior, comparándoas coas de intensidade. É comprensible, xa que o texto estaba destinado a ser lido en alto,

polo que a expresividade e viveza que se buscaba conseguíase mellor coas consecutivas de intensidade ca con ningunhas outras.

O maioritario é a combinación preposición + *tal* + *gisa que* acompañada de preposición + *tal maneyra que* (*astragar tódalas outras cousas, en tal maneyra et en tal gisa que njhũa cousa n ficou que y derrubada n fosse. 227/16*), xa a distancia atopamos preposición + *tal gisa...que* (cun elemento intercalado entre *gisa* e *que*) e atopamos preposición + *tal maneyra...que* (tamén cun elemento anterior a *que*) (*en tal gisa foy desmayado que nõ soubo que fezesse 225/143; Et en tal maneyra os tijnã çercados que matauã delles moytos, 225/156-7*).

Fóra desta clasificación das consecutivas están os casos de consecutivas coordinadas por un lado (*Et ela téuosse por desonrrada et desamoo depoyos quanto mays pode. 322/153-54*), por outro daquelas estruturas que parecen truncadas porque falta nelas o antecedente (*Et deu hũa gran saetada a hũ rrey de Frisa, que o matou. 350/14*)³ e por último o grande número de consecutivas introducidas con *por ende*. Á combinación *por ende* déuselle habitualmente un valor causal ou díxose tamén dela que era un reforzo da causal (v. Marques, 1982, 316), pero nós inclinámonos máis pola postura de Narbona Jiménez (1978, p. 328), quen di que pode ter tamén o valor consecutivo. Nos exemplos do noso corpus este último é o maioritario (*tomade por mĩ uingança de Palomades, ca en uós he toda mĩa asperança. Por ende, por Deus, tornade logo aa batalla 509/92; son aquí ajuntados de tódalas partes do mũdo, et por ende será o posfaço mays grãde sobre este feyto 524/45*).

En canto á orde das consecutivas o xeral é que vaia primeiro o antecedente e despois o consecuente, aínda que nalgún caso illado aconteza ó revés (*Et começou de fazer tã grã dãno ãnos troyãos que hũa grã marauilla sería de cõtar, tã mortalment os desarmaua. 360/89*).

As consecutivas presentan o verbo habitualmente en indicativo, aínda que tamén o podemos rexistrar en subxuntivo (imperfecto ou presente, por esta orde). O tempo maioritario é o pretérito, seguido bastante cerca polo imperfecto, e xa a distancia polo condicional. No uso do imperfecto ten moito que ve-lo emprego reiterativo de *que era hũa gram marauilla* como segunda cláusula e no uso do condicional o emprego de *que mays non podería* e variantes.

Fixémonos agora nas correlacións entre tempos e enlaces. Entre os enlaces máis representativos (*tã, tal gisa que, tal maneyra que*) é maioritario o uso do pretérito, seguido a unha certa distancia polo imperfecto. É lóxico que teñamos en cabeza o pretérito xa que se presta moi ben a establecer un contraste brusco co antecedente, conseguindo maior efectismo, e é ademais o tempo da narración.

Por último reservamos un tempo ó estudio da colocación do pronome átono no consecuente destas oracións. Pareceunos interesante facelo debido á importancia deste

³ Estas estruturas serviron de importante apoio para defende-lo achegamento das consecutivas ás comparativas a estudiosos como Sánchez Salor ou Narbona Jiménez (1990, p. 78).

apartado dentro do galego en xeral. En absolutamente tódolos casos o pronome aparece proclítico ó verbo, tal como dicta a norma hoxe. A maioría das veces o pronome vai inmediatamente despois da conxunción *que* (*et en tã pouco nos tēen que nos nō derō Anssýona*. 242/10). Só en contadas ocasións se intercala un elemento entre ambos: un CCM (o que máis, *Et todos nos quirĩã tã grã mal que de grado nos tallarã as cabeças, se podese*. 714/17-18), os indefinidos *todo* e *nada* (*et deulle tã grades colpes que todo o abalou* 372/82, *En derredor de alý auía a terra tã rrica e tã auondada que nada nō lles ñ guaua* 688/18), aínda que con *todo* temos algún exemplo no que non é así (*et deu hũa tã grã ferida a Vlixas per çima do elmo que llo fendeu todo* 351/24-25), ou o adverbio de tempo *logo* (*hũa tã grã ferida en meo do uëtre que logo lle fezo seýr as tripas* 358/12). Caso estraño é o da intercalación dun suxeito seguido do adverbio de negación *non*: *et ferío cō toda sua força tã brauament per çima do elmo que escudo, nē loriga, nē arma que trouxesse nō lle prestou nehũa cousa* 374/170. Atendendo ó conxunto da obra o máis chocante da colocación do pronome con respecto a hoxe é que o adverbio *non* vaia detrás do pronome (menos habitual nos nosos días) e non antes.

CAUSAIS

Consideramos oración bipolar causal a aquela na que unha das cláusulas que a conforman expresa a causa, o motivo ou a razón dos feitos relatados na outra.

Vexamos cales son os nexos máis empregados. Á cabeza témo-la conxunción *ca*, característica da lingua medieval, hoxe perdida por ocupa-lo seu posto *porque*; as causas da súa desaparición non están claras, quizais por ser considerada propia da lingua culta e literaria. O número total de *ca* é unhas seis veces superior ó do que lle segue en frecuencia que é *porque* (*Por ende ueña a morte quando quiser, ca eu nō quero mays uiuer hũ día*, 668/27; *Et tornou de moy mao talët, porque lle tollerã seu preso*. 333/159), a pouca distancia deste último está *que* (hoxe pouco usado) seguido de cerca por *poys/pois*, que aparece en máis do dobre de ocasións que *poys que* (*Et nō auía y tal que o podese apoderar que o muy de grado nō matase, que o desamauã todos mortalment*. 706/13; *Treedor, rrenegado pois nō ás coyado de ñ nē de Troya* 661/15; *Mays, ja poys que assý he, nós partámonos de questes* 225/138-9), e a moita distancia atopamos *comoquer que* (propio da época medieval) e *cōmo*, e achamos exemplos illados de *de que* (*Et cōmoquer que era sua nora, sabede que Écuba moyto a amaua*, 262/4; *cōmo era moy bon cauleyro et moy ardido, fēzoas yr todas çëto a uelas tēdidias*. 307/11-12; *fezo onrrar moyto et seruir a rreýna Élena, porque lle pesaua moyto de que a vija chorar* 260/4.) Posto que rexistramolo en moi poucas ocasións, pero non o podemos incluír porque aparece cun significado distinto ó de hoxe, o de “aínda que”, “anque”. Merecen atención tamén os casos de aglomeración de dous nexos como *ca comoquer que*, *ca pois* e *ca pois que*. Entendemos que se debe a un reforzo da causal en busca dunha maior expresividade. Trátase de

exemplos contados: *ca, a cōmoquer que elles brauos vijnã, ben sey que cõ taes se acharõ que lles endurarã a batalla*. 346/41; *Agora tẽemos tenpo de demandar noso auer, ca, pois o pleito asy está, oiemays nõ lles leyxemos fazer os muros*, 656/4; *ca, pois que el sofria doo et pesar, nõ quiria que eles sen pesar fosem*. 696/7.

Hai que ter un coidado particular cos nexos *poys* e *que* xa que poden levar a confundir-la consecutiva cunha temporal ou cunha de relativo respectivamente (*Poys que Ércoles ouuo esta resposta de todos seus amjgos, fezo fazer quinze naos* 217/42; *dou mill caualeyros ardidos et ualentes et ben gornidos et bem armados pera el tomar uingança de Agistus, que lle a seu padre auia morto* 706/9).

Se queremos ter algunha referencia de nexos doutros textos medievais podemos ir por exemplo ó estudio que sobre o *Setenario* de Afonso X realiza Marques (1982, p. 306), con ela coincidimos na orde dos tres primeiros conectores máis usados, despois ela fala do uso de *como*, *comoquier*, *por razón que*, *pues*, *pues que* e nós seguimos por camiños distintos. Noutros estudos como o de Mattos e Silva de portugués medieval *porque* está á cabeza (1984, p. 697).

Hai que ter tamén presentes os casos de ausencia de nexos propiamente causais, estámomos a referir ós casos nos que atopamos causais cunha estrutura coordinada, por medio da conxunción copulativa *et* (*ca elles aujã o castelo moy forte, et tijñano moy ben bastiçido de homes et de armas* 287/6) ou cunha xustaposición (*fezo adubar suas naues en hũ lugar que chamã Amolese, que muyto lles era mester* 723/5).

En canto á posición dos nexos van sempre en segunda posición xunto co membro causal que introducen *ca*, *que* e *de que*, vai sempre en primeira posición *cõmo*, practicamente sempre *comoquer que* e os outros nexos varían na súa colocación: o máis habitual é atoparnos *poys* na primeira cláusula encabezando o membro causal, o conector *poys que* está a un 50% de posibilidades e por último quédanos *porque* que só en poucas ocasións aparece nun primeiro lugar.

Por outra banda é interesante ter en conta o modo e os tempos verbais das causais. O seu modo verbal é o indicativo, feito no que coincidimos cos estudiosos. Só temos un caso en subxuntivo (*Et cōmoquer que sse el ben defendesse, el estaua alý a grã meosca-bo de ssy* 359/59) non sabemos debido a qué, xa que no resto dos exemplos ese mesmo nexo *cōmoquer que*, aparece con indicativo.

O tempo que prevalece é o imperfecto seguido moi de cerca polo pretérito e xa a algo máis de distancia polo presente. Nun segundo nivel estarían os tempos en pasiva e o pluscuamperfecto, seguido a poucos pasos polo futuro. Nos límites significativos da cola están os tempos compostos. Exemplo curioso de causal e discutible é o que atopamos cun xerundio como predicado (*Despois que Antenor pasou per muytos traballos et per moytos perigoos, cõmo uos ey contado, ouuo a tomar porto, querendo ou nõ* 688/3).

Nun texto en prosa das características da *Crónica Troiana* é comprensible que encontremos sobre todo imperfecto e pretérito, por se-los tempos da descrición e da narración respectivamente.

Podemos relaciona-los tempos verbais con cada un dos conectores, o resultado vén apunta-lo que acabamos de dicir, imos atopar-los tres tempos que tiñamos en cabeza: predominan case de igual xeito imperfecto e pretérito con *porque* e *que*, nun nivel semellante pretérito e presente con respecto a *poys* e *poys que* e no caso da conxunción *ca* relaciónase sobre todo co imperfecto e o presente seguidos desde non moi lonxe polo pretérito.

A colocación dos pronomes átonos no membro causal destas oracións non presenta diferencias con respecto ás consecutivas. Sempre atopámo-lo pronome proclítico, iso si, fai menos acto de presenza que nas consecutivas e resulta máis raro aínda atopalo precedido por algún elemento, aínda que a excepción existe: *et falsouille o escudo e a lo-ri-ga, que nehña cousa nõ lle prestou* (311/83-84).

Pero non podemos deixar atrás un aspecto controvertido das causais, non podemos esquece-la vella práctica de establecer dous grupos dentro delas: o das que expresan a causa lóxica do feito que se indica na oración principal (“Está enfadado porque trae mala cara”) e o das que expresan a causa real (“Está enfadado porque mallou nel o pai”). Estes dous grupos remóntanse ós de coordinadas e subordinadas da época latina polo que é claro que o feito está intimamente relacionado coa clasificación xeral das causais, o cal tocamos nos inicios, pero merece atención á parte de tódolos xeitos. Pioneiro desta diferenciación foi Bello na súa *Gramática* de 1847 que falaba de “porque” coordinante (de onde virán as posteriores causais lóxicas) e subordinante (termo antecedente das chamadas causais reais); os seus sucesores traballaron xa con todo o grupo de conxuncións causais. En xeral, ben seguiron a mesma liña variando ou non a terminoloxía (Lapesa, Marcos Marín, a RAE en 1931), ben manifestaron que as causais constitúen un grupo intermedio entre a coordinación e a subordinación (Hernández Alonso) ben as clasificaron todas como subordinadas, xa que as causais carecen de conxuncións coordinantes propiamente ditas, éelles case imposible unir elementos análogos dentro dunha oración simple (O *Esbozo* da RAE, 1986, Gili Gaya).

Debemos ter en conta que, se a distinción entre os dous tipos é difícil de establecer ás veces, esta complicase cos cambios de terminoloxía ou coa confusión entre conceptos tan elementais como causa e motivo, empregados con significados distintos por Alarcos (*Gramática* 1994) e como sinónimos por Narbona Jiménez ou Lapesa, por exemplo.

Lapesa, seguido polo seu discípulo Marcos Marín, preocupase de propor unha serie de criterios dos que partir para establece-las diferencias entre causais do enunciado (ou subordinadas segundo a terminoloxía tradicional) e causais da enunciación (ou coordinadas). Nós aplicámoslos a unha parte representativa do corpus para ver se funcionaba no galego medieval, e aproveitamos para comprobar se se tendía máis cara a un tipo de causais que cara outro e para localizar nexos especializados nalgún deles. Os criterios empregados son varios, por razóns de tempo só citaremos algúns:

1. Estamos ante unha causal coordinada (terminoloxía que non aceptaría Lapesa, pero que nos empregamos para simplificar) se se transforma en consecutiva si-

tuando en primeiro lugar o membro que expresa a causa, sen conxunción, e pondo en segundo lugar o outro membro introducido polo nexa “logo”. Por exemplo, da oración *Et era moy rrico et de grã ualor, que era señor de dez çidades* (303/76) podemos tirar estotra: “era señor de dez çidades logo era moy rrico”, de aí que sexa coordinada. Pero a oración *Agamenó, poyslo veu tã triste, cõfortoo moy ben* (263/7) non podemos transformala en “veuno tã triste logo cõfortoo” nin na moderna “veuno triste logo consolouno”, de aí que sexa causal subordinada.

2. Outro criterio é o seguinte: a causal coordinada admite a transformación en condicional facendo que a causa pase a constituí-lo condicionante e o membro non causal se converta en condicionado. Volvendo ós exemplos anteriores, *Et era moy rrico, que era señor de dez çidades*, podemos deixalo en “Se era señor de dez çidades era moy rrico”; pola contra *poyslo veu tã triste, cõfortoo moy ben* non admite a transformación “Se o veu tã triste cõfortoo moy ben” (“Se o veu triste consolouno”), de aí que neste segundo exemplo esteamos ante unha causal subordinada.

3. Por último, verémo-la proba de equiparación copulativa (ídea de Marcos Marín), que conserva o matiz causal coa inversión, como primeiro membro colócase a causa. Se é posible estamos diante dunha causal subordinada. No exemplo primeiro non é posible: “era señor de dez çidades et era moy rrico”, a conxunción simplemente suma, non hai unha relación causa-efecto. É coordinada por tanto. No exemplo segundo si: “veuno tã triste e cõfortoo” (“veuno triste e consolouno” no galego moderno); é subordinada.

Pero aínda que en xeral se pode chegar a conclusións productivas a partir destes criterios, en ocasións a proba da transformación con “logo” presenta dúbidas, ou ben unha determinada oración obedece tanto ás características dun tipo de causal como ás do outro. Por exemplo na oración *elles, porque aujã acabada tal guerra a ssua voõtade, rrendiã graças aos deuses* 227/29, a consecutiva é admisible: “aujã acabada tal guerra a ssua voõtade logo rrendiã graças aos deuses” (“A guerra rematará felizmente logo daban grazas ós deuses”), sen embargo as outras probas lévannos cara as causais subordinadas. Con todo, foi un bo método para chegarmos a conclusións. Nós aplicámolo só a unha parte do corpus, a un total de 45 oracións aproximadamente, agrupadas por nexos, cunha maior representatividade daquelas que inclúsen os nexos máis abundantes. Resultou ser case o dobre o número das causais subordinadas ou de causa real. En cambio se temos en conta os distintos nexos as solucións varían, son maioría as causais coordinadas con *poys que*, son maioría as subordinadas con *porque* e *cõmoquer que* e co resto dos nexos maniféstase un uso bastante indisciplinado cara un camiño ou o outro.

Segundo vemos *porque* responde bastante ben ó que esperaríamos del, xa que algúns estudiosos afirman que inicia sempre causais subordinadas⁴ e contrapónena ó nexa *ca*

⁴ Como Siebenmann nun traballo realizado sobre o *Lazarillo*, (Lapesa, 1978, p. 180).

introdutor de causais coordinadas⁵. Este último punto non concorda sen embargo co que xorde a partir do texto porque a conxunción *ca* encabeza un número semellante de coordinadas e subordinadas.

CONCLUSIÓN

Finalmente só nos resta redactar unha pequena conclusión. Antes de nada despexaremos incógnitas e explicarémo-lo porqué do maior número de consecutivas que de causais no corpus, e a razón fundamental é que as primeiras abundan nas partes do libro nas que se contan batallas (que son moitas). Estas oracións son moi axeitadas para engrandecer e dramatiza-lo acontecido nestas loitas, de aí o seu uso reiterado.

Sen embargo, se ben se diferencian no número hai moitos outros aspectos nos que son similares: en relacionar unha causa cun efecto, en oscilar entre a coordinación e a subordinación, en emprega-lo modo indicativo sobre todo (imperfecto e pretérito fundamentalmente) e en implica-la posición proclítica do pronome, de aí que as abordemos conxuntamente neste traballo.

BIBLIOGRAFÍA

- Alarcos Llorach, E., *Gramática de la Lengua Española*, Madrid, Real Academia Española, Espasa Calpe, 1994⁴.
- Alcina Franch, J. / Blecua, J. M., *Gramática Española*, Barcelona, Ariel, 1989⁷.
- Alonso, M., *Evolución sintáctica del español*, Madrid, Aguilar, 1964².
- Álvarez Martínez, M^a. A., “Las oraciones subordinadas: Esbozo de clasificación”, *Verba* 14, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1987, pp. 117-148, .
- Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H., *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia, 1989².
- Bassols de Climent, M., *Sintaxis Latina*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas Patronato “Menéndez y Pelayo”, 1973.
- Bellini, G., *Sintaxis española*, Milán, Cisalpino-Goliárdica, 1987.
- Bello, A., *Gramática de la Lengua Castellana*, Madrid, EDAF, 1984.
- Carrera de la Red, F., *Las expresiones causativas en las obras de Gonzalo de Berceo*, Logroño, Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto de Estudios Riojanos, 1982.
- Cunha, C. / Cintra, L., *Nova gramática do Português Contemporâneo*, Lisboa, João Sá da Costa, 1991⁸.
- Ernout, A. / Thomas, F., *Syntaxe Latine*, Paris, Klincksieck, 1984².
- Fiol, V., *Sintaxis Latina*, Barcelona, Bosch, 1984.
- Gili Gaya, S., *Curso superior de sintaxis española*, Barcelona, Bibliograf, 1976, pp. 296-298.
- Hernández Alonso, C., *Sintaxis Española*, Valladolid, Industrial Litográfica, 1982⁵, pp. 111-112, 123-126, 135-140.

⁵ Feito defendido por Marques (1982, p. 305) e por Mattos e Silva (1989, pp. 189, 690).

- Lapesa, R., “Sobre dos tipos de subordinación causal”, *Estudios ofrecidos a E. Alarcos Llorach* 3, Oviedo, 1978, pp. 173-205.
- López García, Á., *Gramática del Español (I. La oración compuesta)*, Madrid, Arco/Libros, 1994.
- Lorenzo, R., *Crónica Troiana*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1985.
- Marcos Marín, F., *Aproximación a la Gramática Española*, Madrid, Cincel, 1975³, pp. 224, 266 e 267.
- *Curso de Gramática Española*, Madrid, Cincel, 1980, pp. 389-393.
- Marques Ranchhod, M. E. de Almeida, “Las conjunciones causales en el *Setenario* de Alfonso X el Sabio”, *Boletim de Filologia*, 27, Lisboa, 1982, pp. 299-322.
- Mattos e Silva, R. V., *Estruturas Trecentistas. Elementos para uma gramática do Português Arcaico*, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Estudos Gerais, 1989.
- Metzeltin, M., “Les idées de causalité et d’implication dans les historiens hispaniques du Moyen Age” en *Cahiers de Linguistique Hispanique Médiévale* 6, 1981, pp. 57-80.
- Narbona Jiménez, A., *Las proposiciones consecutivas en español medieval*, Granada, Secretariado de publicaciones de Granada, Col. Filológica XXVIII, 1978.
- “Las proposiciones consecutivas en español medieval”, *Verba*, 7, Santiago de Compostela, Univ. de Santiago de Compostela, 1980, pp. 415-419.
- *Las subordinadas adverbiales impropias en español (II)*, Málaga, Librería Ágora, 1990.
- Pottier, B., *Systématique des éléments de relation. Étude de morphosyntaxe structurale romane*, Paris, Klincksieck, 1962.
- Real Academia Española, *Esbozo de una nueva Gramática de la Lengua Española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1986¹¹.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, 1987⁷.
- Rivera Cárdenas, F., “Sobre el parentesco histórico y estructural de las comparativas de igualdad y las consecutivas”, *Alfinge*, 3, 1985, pp. 115-24.
- Rojo, G., *Cláusulas y oraciones*, Anejo 14 de *Verba*, Santiago de Compostela, Secretariado de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1978.
- Seco, R., *Manual de gramática española*, Madrid, Aguilar, 1979, pp. 222-223, 230 e 245.
- *Gramática esencial del español*, Madrid, Aguilar, 1979, pp. 122-124.